



D. Antonio Veiga Outeiro,
vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

D. Mario Outeiro Iglesias,
deputado-delegado da Área de Cultura e Turismo,
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición, encadrada no proxecto da Rede Museística *A arte de xuntar. Coleccionismo e museos.*

Estampas lucenses

Colección de postais de Manuel Urbano

que terá lugar o vindeiro venres, 19 de decembro de 2014,
ás 18:00 horas, na Sala Multiusos do Museo Provincial de Lugo.

Praza da Soidade s/n
Tel.: 982 242 112
difusion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: www.museolugo.org



Estampas lucenses

Colección de postais de
Manuel Urbano

—
19
decembro
—
2014
—



No. 15. Lugo.

La siega.

F. N.



A arte de xuntar

Coleccionismo e museos

Museos e coleccionismo están intimamente ligados, pois moitos dos primeiros deben a súa existencia ou teñen a súa orixe en coleccións particulares. Tal é o caso do Brithis Museum (1753), do Museo do Louvre 1793 e do Museo do Prado. Mesmamente, o Museo Provincial de Lugo, creado o 29 de febreiro de 1932, naceu coa vocación de recoller e xuntar materiais arqueolóxicos e bens histórico-artísticos ata entón dispersos en coleccións privadas ou depositados en organismos públicos (concello, Instituto de Segundo Ensino...etc.). Tamén o Museo Provincial do Mar xorde tomando como base a colección de D. Francisco Rivera Casás.

Neste contexto, a Rede Museística da Deputación de Lugo presenta o proxecto *A ARTE DE XUNTAR. COLECCIONISMO E MUSEOS*.

Con esta pioneira iniciativa, a Rede Museística da Deputación de Lugo quere abrílles as portas dos seus museos (Museo Provincial de Lugo, Museo de San Paio de Narla, Pazo de Tor e Museo do Mar de San Cibrao) a todas aquelas persoas coleccionistas que queiran dar a coñecer as súas coleccións. O obxectivo neste aspecto é dobre, xa que por un lado se pretenden facer visibles estas coleccións que permanecen ocultas, propiciándolles un marco expositivo para que todo o mundo as poida contemplar e, por outro, a Rede pretende fomentar o coleccionismo e o amor á arte como afección.

A Rede Museística é consciente da existencia de numerosas persoas que gardan interesantes co-



leccións de diverso tipo, tanto de obxectos artísticos (cadros, esculturas, cerámicas, etc.) coma de obxectos máis comúns (prospectos de cine, postais, fotografías, selos, moedas, etc.) que só poden ser



vistos por unha minoría, a pesar de tratarse, en moitos casos, de coleccións moi curiosas e interesantes detrás das que hai moito esforzo e traballo persoal.

A Rede Museística da Deputación de Lugo fállles un chamamento a todas as persoas coleccionistas lucenses que queiran participar neste proxecto, ofertándolles diversos espazos na provincia de Lugo nos que amosar as súas coleccións para deleite do gran público.

Estampas lucenses

Colección de postais de Manuel Urbano

Trátase dunha mostra integrada por máis de 140 postais orixinais realizadas, aproximadamente, entre os anos 1890 e 1950, nas que se amosan imaxes,

algunhas delas moi pouco coñecidas, da cidade de Lugo e da súa contorna, así como tamén das súas xentes. Estas imaxes permitirannos descubrir como era esta cidade entre os séculos XIX e XX e os cambios que experimentou para ben ou para mal, pois moitas delas amosan estampas e edificacións dun Lugo hoxe desaparecido.

Cómpre destacar que algunhas destas postais foron remitidas e conservan aínda o selo de correos da época, o que lles outorga un valor filatélico engadido, ao que tamén hai que sumarlle o dos textos manuscritos dos remitentes, que nos proporcionan datos de persoas e de épocas pasadas.

Tamén por estas postais podemos saber o nome de vellas imprentas, tanto de Lugo como de fóra, (Francisco Nomdedeu, E.J.G. de París-Irún, Librería de Lino Pérez da Coruña, Marcelina Soto Freire, Ediciones Celta, etc.) nas que imprimían estes documentos gráficos de enorme importancia para a historia lucense.

Encarna Lago González / Fernando Arribas Arias

Coordinadores do proxecto *A ARTE DE XUNTAR. COLECCIONISMO E MUSEOS*

Actividades complementarias

Relatorio: ***Coleccionistas e coleccións. Un xeito de achegarse á arte.*** Dra. Ana Goy Diz, profesora titular de Historia da Arte da USC. Martes, 20 de xaneiro de 2015.

